Tres novos axentes reforzarán á Policía Local de Gondomar ata setembro.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 19 Xullo 2014 11:08



O Concello de Gondomar informa que vén de realizar a contratación de tres auxiliares da Policía Local "por un período de tres meses, tras o proceso selectivo correspondente". O municipio contará deste xeito cunha plantilla de dez efectivos para os meses de verán. Aínda que se adianta que en caos de necesidade os contratos poderán ser prorrogados por outros tres meses máis.